

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027848	CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A sociedade actual está chea de información en forma visual e musical e gran parte da vida cotiá xira ao redor desas formas de comunicación. Por ese motivo é tan necesaria unha educación artística, xa que é preciso desenvolver capacidades de pensamento crítico para analizar e integrar esa información.

Porén, a educación artística vai máis alá, pois tamén posibilita o desenvolvemento da percepción, da creatividade, da imaxinación, da autonomía, da sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa... á par que se traballan habilidades motrices. Todo isto acompañado dun importante compoñente cultural.

Máis concretamente, con respecto á educación plástica e visual, recálcase a súa importancia nas primeiras etapas da educación xeral do individuo, pois é un elemento esencial no desenvolvemento integral dos nenos e nenas, xa que promove os tres ámbitos do desenvolvemento: o psicomotor, o cognitivo e o afectivo-social.

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia". Polo que a materia se organiza a través de dúas áreas a educación plástica e visual e a educación audiovisual. Cada unha delas posúe dous eixos principais: a percepción e á análise por un lado; e a creación e a interpretación polo outro.

Esta programación está planificada de xeito que se conforma unha primeira unidade didáctica de presentación do proxecto anual e toma de contacto co alumnado, para despois continuar de cheo co proxecto nas unidades didácticas trimestrais. Ese proxecto chámase "Camiño (do CRA) do Faro" e está baseado no Camiño dos Faros, ruta de sendeirismo que comeza en Malpica e remata en Fisterra. Traski será o trasno que acompañe e guíe ao alumnado, e, ao longo do "camiño" irán descubrindo diferentes pezas musicais e danzas relacionadas coas aventuras de Traski e cos lugares que vai visitando. Con este eixo vertebrador, procurarase que o alumnado coñeza diferentes aspectos das áreas artísticas á vez que continúe en contacto coa rica contorna na que se ubica o centro.

Este proxecto anual xunto co resto de unidades, están concebidas para traballar a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz fina, a sensibilidade ante calquera manifestación artística, traballando tamén a identificación de obras artísticas de importancia. A programación está deseñada complementándose tamén coa materia de Música e Danza, compartindo ambas o mesmo proxecto anual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Prearándonos para o Camiño (do CRA) do Faro	O <i>¿Camiño</i> (do CRA) do Faro <i>¿</i> é un proxecto anual gamificado introducido de forma transversal coa materia de plástica que tomará como base a ruta de sendeirismo <i>¿Camiño dos Faros¿</i> . Esta primeira unidade didáctica centrarase na presentación do proxecto e da mascota: Traski e estableceranse as expectativas e rutinas que se van a seguir ao longo do curso. Empregarase tamén como avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado. Repasaranse habilidades como o uso das tesoiras, pegamentos e punzóns e algúns elementos básicos da arte (liñas, formas <i>¿</i>). Esta unidade traballarase no mes de setembro.	10	5	X		
2	De Malpica a Ponteceso	No mes de outubro iniciarase co Camiño (do CRA) do Faro. Iniciarase este camiño en Malpica onde o alumnado traballará o uso da acuarela para facer fondos mariños. Continuarase no mes de novembro coa zona de Niños, tristemente arrasada polo	20	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	De Malpica a Ponteceso	lume durante o verán. Unirase a concienciación da importancia do coidado dos montes con proxecto artísticos reivindicativos e usando a propia natureza para as creacións. No mes de Decembro, xa na zona de Ponteceso, traballarase o atrezzo e decoración de escenarios e vestiario. Estes coñecementos combinaranse coas celebracións de halloween (samaín), o magosto e nadal.	20	10	X		
3	De Ponteceso a Camariñas	Esta unidade didáctica comeza en xaneiro na área de Cabana na que se introducirán témporas e outras técnicas de collage. En febreiro, xa na zona de Arou, o alumnado fabricará instrumentos de percusión empregando materiais de refugallo, combinando as materia de música e de plástica. No mes de marzo, chegando á zona de Camariñas o alumnado aprenderá sobre as palilleiras e outros traballos textís. Estes coñecementos combinarase coas celebracións do día da paz, do entroido e do día da muller.	30	10		X	
4	De Camariñas a Fisterra	Nesta última unidade, que comezará no mes de abril, o alumnado estará virtualmente en <i>¿Muxía¿</i> e será introducido a outros artistas do mundo. Procurando que sexan eles e elas quen de atopar as semellanzas e tamén apreciar as diferencias entre a cultura propia e o resto. Continuarase en maio traballando a celebración dos <i>¿maios¿</i> e as obras artísticas empregando flores. Por último, a unidade e o proxecto enteiro rematarán no Cabo de Fisterra no mes de xuño, onde se repasará todo o <i>¿camiñado¿</i> ata o de agora e se fará unha pequena escultura dun faro. Estes coñecementos combinarase coas celebracións dos maíos, o día das letras galegas, o día mundial do medio ambiente e o fin de curso.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Prearándonos para o Camiño (do CRA) do Faro	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas plásticas de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras plásticas realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras plásticas propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións visuais básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións plásticas propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas audiovisuais de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras audiovisuais realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras audiovisuais propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións dramáticas básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións audiovisuais propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	De Malpica a Ponteceso	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas plásticas de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	O alumno ou alumna é quen de recoñecer e usar elementos básicos da arte introducidos na aula para describir obras artísticas (tanto de forma oral como plástica).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras plásticas realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras plásticas propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	O alumno ou alumna expresa ideas básicas, sentimentos e emocións (alegría, tristeza, medo e ira) a través de manifestacións artísticas sinxelas. Experimenta con técnicas e materiais.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións visuais básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións plásticas propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas audiovisuais de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	O alumno ou alumna é quen de recoñecer e usar elementos básicos do mundo audiovisual introducidos na aula para describir obras artísticas (tanto de forma oral como audiovisual).		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras audiovisuais realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras audiovisuais propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	O alumno ou alumna expresa ideas básicas, sentimentos e emocións (alegría, tristeza, medo e ira) a través de manifestacións artísticas sinxelas. Experimenta con técnicas e materiais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións dramáticas básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións audiovisuais propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	De Ponteceso a Camariñas	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas plásticas de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	O alumno ou alumna emprega diferentes ferramentas ás que ten acceso (tanto dixitais coma analóxicas) para procurar información sobre artistas, obras plásticas e mesmo exhibicións que acontezan na contorna.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras plásticas realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras plásticas propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións visuais básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	O alumno ou alumna colabora cos compañeiros e compañeiras para a creación de obras plásticas básicas. Emprega a linguaxe específica, comezando a introducir termos traballados anteriormente.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións plásticas propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas audiovisuais de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	O alumno ou alumna emprega diferentes ferramentas ás que ten acceso (tanto dixitais coma analóxicas) para procurar información sobre artistas, obras audiovisuais e mesmo exhibicións que acontezan na contorna.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras audiovisuais realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras audiovisuais propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	O alumno ou alumna participa nas actividades seguindo as instrucións. Traballa de forma colaborativa no deseño de producións dramáticas básicas e respecta ao resto de compañeiros e compañeiras e as súas ideas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	O alumno ou alumna colabora cos compañeiros e compañeiras para a creación de obras audiovisuais básicas. Emprega a linguaxe específica, comezando a introducir termos traballados anteriormente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións audiovisuais propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Contidos

- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	De Camariñas a Fisterra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas plásticas de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	O alumno ou alumna recoñece artistas e obras plásticas importantes que foron introducidas na aula. Comparte as sensacións que lle producen e comeza a identificar diferenzas e similitudes entre as diferentes obras.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras plásticas realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras plásticas propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	O alumno ou alumna colabora cos compañeiros e compañeiras para a creación de obras plásticas básicas. Emprega a linguaxe específica, comezando a introducir termos traballados anteriormente.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	O alumno ou alumna comparte e desfruta das experiencias creativas presentadas e creadas na aula. É quen de describir os pasos do proceso feitos para acadar o resultado.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións plásticas propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	O alumno ou alumna está aberto a propostas audiovisuais de estilos, xéneros épocas e culturas distintas e variadas. Emprega expresións neutras ou positivas.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	O alumno ou alumna reconece artistas e obras audiovisuais importantes que foron introducidas na aula. Comparte as sensacións que lle producen e comeza a identificar diferenzas e similitudes entre as diferentes obras.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	O alumno ou alumna segue as normas básicas de comportamento mostrando respecto polas obras audiovisuais realizadas tanto por profesionais como por compañeiros e compañeiras.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	O alumno ou alumna crea obras audiovisuais propias sinxelas empregando empregando diferentes ferramentas e recursos introducidos na aula.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	O alumno ou alumna colabora cos compañeiros e compañeiras para a creación de obras audiovisuais básicas. Emprega a linguaxe específica, comezando a introducir termos traballados anteriormente.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	O alumno ou alumna comparte e desfruta das experiencias creativas presentadas e creadas na aula. É quen de describir os pasos do proceso feitos para acadar o resultado.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	O alumno ou alumna respeta as creacións audiovisuais propias e as realizadas por parte dos compañeiros e compañeiras. Mostra unha actitude positiva e realiza críticas constructivas sinxelas cando corresponde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para a materia de Educación Plástica e Visual empregaranse diferentes modelos e principios metodolóxicos, combinando opcións máis tradicionais como é o caso dos modelos discursivos e expositivos, con metodoloxías máis innovadoras como os modelos experienciais e os traballos por proxectos.

Desta forma, nas clases empregaranse unha serie de estratexias metodolóxicas concretas e variadas. Como:

- A introdución de recursos variados: empregando tanto os materiais máis tradicionais (ceras, témperas, papel...) como outros menos convencionais (especias, froitas, follas...).
- Uso de rutinas e fío conductor: no caso de 2º de Educación Primaria as rutinas centraranse na forma de organizar a clase. Comezase por unha explicación (normalmente levada a cabo en gran grupo), continuarase co traballo propio (individual ou en grupos dependendo da actividade) e por último haberá unha rutina de recollida e limpeza, momento moi importante na materia de educación plástica. A maiores, a última sesión de cada mes, os últimos 20 minutos serán adicadas ao proxecto "Camiño (do CRA) do Faro". Ese fío conductor recollido nas unidades que mistura elementos da materia de música e danza, da materia de educación plástica e visual, coa temática do coidado do planeta e a ecoloxía. Nese tempo reflexionarase sobre as producións feitas no mes e recolleranse os aspectos máis importantes no caderno de viaxe.
- Enfoque centrado no alumnado e na diversidade: o punto de partida da ensinanza artística será o coñecemento previo que o alumnado posúe, centrándose tamén naquelo que lles resulte familiar e próximo. Ao mesmo tempo, buscaranse elementos motivadores, fomentando esa curiosidade por aprender. Favorecendo así o seu desenvolvemento e socialización. O erro usase como recurso para a aprendizaxe.
- Clases participativas, lúdicas: durante as sesións favorecerase que o alumnado sexa partícipe activo na clase e que teña a oportunidade de experimentar e probar. De forma que existan momentos de escoita ao profesorado e a explicacións pero tamén moitos momentos onde o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe.
- Escolas na nube: Este recurso será empregado como ferramenta de comunicación coas familias e de continuación do traballo. Terá carácter completamente voluntario e, deste xeito, as familias poderán ter acceso a algúns dos recursos mostrados na aula. Procurarase tamén facer nesa plataforma unha pequena "galería de arte" onde expoñer traballos do alumnado para que desta forma as familias poidan ter a oportunidade de ver algúns dos proxectos realizados.
- Traballo transversal das materias artísticas: aprobeitando o fío conductor "Camiño (do CRA) do Faro" tanto a materia de Música e Danza como a de Educación Plástica e Visual serán desenvoltas de forma conxunta. Creando unións transversais entre elas, as unidades e as actividades presentadas.
- Coordinación coas titoras e titor e as mestras especialistas: procurarase unha coordinación entre todo o profesorado que imparte clase a este grupo.

En definitiva, procurarase que sexa unha metodoloxía fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias chave. Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades. As TIC serán empregadas na aula e promoverase un uso responsable delas. Favorecerase a capacidade de aprender a aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en grupo.

Fundamentalmente, nas sesións de plástica será empregado un enfoque ecléctico e flexible, onde diferentes metodoloxías se combinan empregando diversas técnicas e actividades de aprendizaxe, organizándose para adaptarse ao que o alumnado precisa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con diferentes aplicacións e programas de software libre
Encerado dixital con conexión a internet
Pinceis e témperas
Bloc de debuxo e cartolinas de cores
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Recursos de orixe natural como follas, froitas, verduras...
Fíos, telas...
Pasta de modelar
Tablets e outros dispositivos que poidan facer fotografías e/ou grabar vídeo
Imaxes de artistas relevantes na historia da arte e algunhas das súas obras
Cartelería e murais feitos polo alumnado
Cartelería feita pola docente
Presentacións dixitais interactivas

Ao ser un Centro Rural Agrupado, non se conta cunha aula específica para a materia de Educación Plástica e Visual, así que se emprega a aula ordinaria do alumnado. Porén, beneficiados pola ratio de alumnado por clase, as propias aulas contan con recursos espazos aprobeitables para a materia.

A aula conta tamén con recursos bastante básicos como é un ordenador, altosfalantes, conexión a internet e PDI (encerado dixital).

No que respecta ao material escolar básico (lápicos, gomas, ceras, rotuladores...), empregarase o propio do alumnado para os momentos nos que se precise escribir. Pero o resto do material será provisto polo centro (témperas, regras, punzóns, fío...).

Para a realización de obras audiovisuais contaránse con algúns dos recursos TIC que o centro posúe (tablets...).

E, por suposto, e de igual importancia que todos os mencionados anteriormente, están tamén os recursos humanos nos que se conta á mestra, ao propio alumnado, ás familias e tamén se conta coa axuda das titoras e outras especialistas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Avaliación inicial será realizada durante o mes de setembro como parte da primeira unidade didáctica. Esta ten a finalidade de detectar os intereses do alumnado no que respecta ao mundo artístico musical. Faranse unha serie de xogos musicais e de movemento onde se comezará traballando sempre dende a imitación. Esas primeiras tomas de contacto empregaranse para coñecer os seus puntos de partida tanto a nivel de coñecementos musicais, como a nivel motriz (fino e groso) e tamén para ir coñecendo os gustos e motivacións do alumnado.

A avaliación será mediante a observación directa e tamén serán rexistrados aspectos como a psicomotricidade fina e uso dos diferentes materiais, atención e coidado nas producións artísticas, creatividade e ideas propias... O rexistro farase ao remate de cada unha das 4 sesións das que consta a avaliación inicial cunha folla de rexistro onde a mestra fará unha gradación de diferentes ítems nunha escala do 1 ao 4 no que o 1 sexa non adquirido, 2 pouco adquirido (con bastante axuda), 3 adquirido e 4 adquirido sen dificultade.

A partir do conxunto de datos obtidos farase un resumo que se comunicará ao resto de profesorado que imparte clase nesa aula, xunto co departamento de orientación e comezaranse a tomar decisións sobre as medidas a realizar na aula. Para así convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao departamento de orientación. Esta comunicación será realizada a principios do mes de outubro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha avaliación continua co fin de apreciar en que medida se acadan os obxectivos propostos e se van desenvolvendo as competencias clave. As características desta avaliación serán: formativa, global, individual e integradora.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global; e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas, establecendo, como referente, indicadores de logro. Así mesmo, teranse en conta aspectos como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades de aula así como o resultado de traballos (individuais e grupais) e producións sonoras.

PESO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

No que respecta á nota trimestral no tocante ás unidades didácticas, será obtida da seguinte

forma:

- 1º trimestre: UD1 (10%) + UD2 (90%)
- 2º trimestre: UD3 (100%)
- 3º trimestre: UD4 (100%)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: ESCALAS E TEMPORALIZACIÓN

Para a avaliación da materia empregarase a observación directa da mestra que se plasmará en fichas de rexistro diarias. Este diario será cuberta durante a sesión e de non ter oportunidade, inmediatamente ao rematala.

A maiores farase unha gran recollida trimestral nunha folla de rexistro de excell (ou sheets). Esta folla cubrirase coa información sacada das fichas de rexistro diarias e tamén coas rúbricas de avaliación para os diferentes tipos de producións do alumnado.

Na folla trimestral os ítems e criterios serán puntuados de dúas formas:

- No caso dos criterios de avaliación recollidos en Proens, estes son valorados dentro dunha escala con catro grados:
 - Con dificultade (equivale a 0 puntos): o alumno/a non demostra o logro do ítem, nin sequera con axuda; presenta erros moi frecuentes.
 - En proceso (equivale a 0,40 puntos): amosa adquisición inicial do ítem, con erros relevantes e dependencia da axuda docente.
 - Sen dificultade (equivale a 0,75 puntos): supera o ítem con corrección e autonomía habitual, podendo ter erros menores.
 - Excelente (equivale a 1,00 punto): supera o esperado; aplica o ítem con precisión, estabilidade e iniciativa, incluso en contextos novos.
 - No caso das producións a valoración realizarase a través desas rúbricas e serán puntuadas do 1 ao 10 por cada un dos apartados sendo o 10 a puntuación máis alta.
- Esta gran recollida realizarase entre os últimos 5 días de cada mes e primeiros 5 do mes seguinte.

CÁLCULO DA NOTA TRIMESTRAL

Ao final do trimestre o alumnado obterá unha calificación de 1 a 10, sendo o 10 a puntuación máis alta.

Para a obtención desta cualificación terase en conta:

- Participación na aula, e criterios de avaliación de comportamento e esforzo especificados en Proens (30%).
- Producións artísticas (50%):
 - Coidado e “curiosidade” na realización do traballo (30%).
 - Finalización dos traballos propostos (20%).
- Creatividade e propostas propias (10%).
- Coidado do material e da aula (10%).

Cando a cualificación obtida sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

AVALIACIÓN FINAL

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida sexa un resultado con decimais, por defecto aplicárase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución ao final de cada unidade, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. O procedemento será o seguinte:

- Comunicación ao alumnado: farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.
- Debido á idade do alumnado tamén se comunicará á familia e paralelamente ao titor ou titora. Nesta comunicación especificaranse os mínimos de consecución que se precisa para acabar e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na programación didáctica (como a repetición dun traballo artístico, repetición dunha exposición...).

Se estes mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (coma un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (como coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Para garantir a atención á diversidade partírase da exploración e avaliación da situación persoal de cada alumno e alumna. A partir dese punto aportaranse as estratexias de traballo necesarias para realizar o proceso de aprendizaxe. Para isto:

- Os contidos, tarefas e actividades graduaranse según a súa dificultade atendendo á diversidade de capacidades e motivacións do alumnado.
- Combinaranse traballos colectivos e individuais. De xeito que o alumnado se integre no clima e

dinámica da clase.

- Terase en conta a finalidade práctica da educación artística.
- Desenvolveranse as accións de axuda e intervención do profesorado que favorezcan a actividades formativas individuais (orientador/a, titor/a ou profesorado de apoio).

En resumo, as principais medidas de atención serán tres, basicamente, atendendo ó perfil de cada estudante: o apoio educativo (consistente en aportar material de traballo extra e específico ós estudantes que o precisen para poder acadar os obxectivos mínimos da materia); o reforzo (consistente en ofrecer unha atención individualizada ao alumnado atendendo as súas necesidades, asegurándose de que enténden os contidos e prestándolle axuda directa nas actividades prácticas); e a ampliación de contidos (consistente en aportar un material ampliado sobre os contidos da programación para aqueles estudantes que polas súas características cognitivas así o precisen).

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tanto para o posible alumnado con Dificultades de Aprendizaxe como para o posible alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, as adaptacións non significativas centraranse en medidas tales como na secuenciación de contidos, en reforzar as técnicas de aprendizaxe, proporcionar outros tempos e adecuándose ao ritmo de aprendizaxe, e proporcionar unha metodoloxía máis personalizada.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifiquen actividades. Tomarase como referencia o currículo da materia dos cursos anteriores e avaliarase cal se adapta mellor ao nivel real dese alumnado que precisa da adaptación.

Esto é posible grazas a unha das características metodolóxicas da programación: a súa flexibilidade, sendo, sobre todo unha guía que poderá ser modificada se se considera que beneficia ao alumnado e ao proceso de ensino-aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos			X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais numerados do 1 ao 6 serán traballados en todas as unidades didácticas, tanto nas rutinas como nas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia (unidade 3), pero tamén se traballará a resolución de conflitos nos traballos en equipo, principalmente presentados nas unidades 3 e 4.

O elemento transversal 8 traballarase durante todo o curso escolar, pois será introducido constantemente a través do fío condutor “Camiño (do CRA) do Faro”. Polo tanto, este elemento transversal será presentado coa unidade 1. De todas formas, tamén se traballará a través da utilización de materiais reciclados e reusados algo (unidade 3).

O elemento transversal 9 estará moi presente nas actividades nas que se traballe con comida, aprobeitando para traballar a alimentación saudable (unidade 2). Tamén, aprobeitando a materia, traballarase a saúde visual como o uso as pantallas, luces fortes, forzar a vista... (unidade 1). Tamén, resaltando a importancia do exercicio físico, realizaránse saídas e andainas ao trimestre como parte do proxecto anual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración das aulas	Decoración dos diferentes espazos en función das festividades celebradas.	X	X	X
Obradoiros no centro	Procurarase que familiares ou profesionais do mundo artístico visiten o centro para que o alumnado asista a algún obradoiro práctico.	X	X	X
Produción audiovisual	Tendo en conta propostas do alumnado, farase unha pequena produción audiovisual que será exposta de forma virtual na plataforma ¿Escolas na nube¿.			X

Observacións:

A través da materia de Educación Plástica e Visual participárase activamente no desenvolvemento das distintas festividades que se inclúen na orde do calendario escolar (Magosto, Samaín/Halloween, Nadal, Día da Paz, Entroido, “Easter”, Día da Muller, Letras Galegas, Fin de Curso...). Pero tamén se participará a través da materia en outras celebracións que se leven por parte do centro (coma a festa da vendima, as andainas trimestrais...).

De ser posible pediranse outras saídas e actividades artísticas que beneficien ao alumnado e á súa aprendizaxe (visita a museos e galerías de arte, obradoiros...).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi revisada a programación ao longo do curso.
Foi cumprida a temporalización proposta.
Metodoloxía empregada
Foron introducidos recursos e materiais actualizados que reflicten a realidade da sociedade (mostrando artistas femininos e masculinos e de diferentes etnias).
Foi realizada unha pequena enquisa ao alumnado (adaptada á súa idade) sobre a práctica docente e as actividades presentadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Foron deseñadas actividades para diferentes tipos de agrupamentos.
Medidas de atención á diversidade
Foi adecuado o deseño das unidades didácticas ás características do alumnado.
Foron usados diferentes instrumentos de avaliación.
Foron levadas a cabo diferentes medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Foi acadada unha participación activa por parte do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Foi aportada información ao titor/titora e ao resto do equipo docente do curso.
Foron involucradas as familias.
Outros
Máis dun 80% do alumnado superou con éxito a materia.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro, incluíndo unha gradación (rúbrica) do cumprimento dos indicadores de logro cunha escala con 3 grados: Alto, Medio e Baixo. Tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes programacións.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da programación, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS. Paralelamente, tamén se fará un seguimento da programación e actuacións docentes a través dos programas de calidade nos que participa o centro.

A maiores tamén se lle fará unha pequena enquisa ao alumnado cara o remate do 3º trimestre e será adaptada ao alumnado ao que se presenta, incluíndo preguntas sobre as actividades, recursos e proxectos que máis lles gustaron, que menos, e contidos novos que aprenderon e entenderon.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unha vez rematado cada trimestre, realizarase unha revisión da programación que terá en conta os seguintes grandes apartados:

- 1. Seguimento da programación na aula virtual do centro: seguimento do número de sesións das unidades, grado de cumprimento dos indicadores recollidos no punto anterior e propostas xerais de mellora ou dificultades atopadas.
- 2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado: Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo. Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora. Como por exemplo: ofrecer explicacións individualizadas, comentar co alumnado os fallos máis significativos, elaboración de adaptacións e outras actividades atendendo ás dificultades mostradas... e revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)
- 3. Actividades complementarias (realizadas ou non). A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes.

Este seguimento será recollido na aula virtual do centro.

Ao final de curso, realizarase tamén o seguimento da programación final no apartado correspondente de PROENS en base á información recollida previamente nos trimestres.

9. Outros apartados